



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. José M. Da Rocha Álvarez  
 D. Oscar Rubiños López  
 D. Julio Taboada Pérez  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D. Pedro Antonio Araujo Nespereira  
 D<sup>a</sup>. Fatima Arias Novoa  
 D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. Pablo Javier Cebral Loureda  
 D<sup>a</sup>. Mercedes Cendón Falque  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Xosé Henrique Costas González  
 D<sup>a</sup>. Julia de la Montaña Miguélez  
 D. Guillermo de Oca Cancela  
 D. José Durany Castrillo  
 D<sup>a</sup>. Iria Estévez González  
 D. José Ramón Fernández Bernárdez  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D. Manuel Fernández Gesto  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Luis Ortíz Torres  
 D. Candido Pérez Betanzos  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D<sup>a</sup>. Nieves Redondo Álvarez  
 D. M<sup>a</sup> José Roca Fernández  
 D. Patricio Sánchez Bello  
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( UXT)  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Iago Soto Mata  
 D. José Tojo Suárez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
 D. Manuel Varela Lafuente  
 D. Manuel Velasco Graña

**DESCULPA A ASISTENCIA**

D. Javier de Vicente Remesal  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Alberto Pena Rodríguez  
 D. José Pose Blanco  
 D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión ordinaria da Xunta de  
 Goberno da Universidade de Vigo, de dezaoito  
 de abril de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira  
 convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na  
 Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de  
 Telecomunicación

O mércores, **día 18 de abril de 2001**,  
 ás 10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da  
 Xunta de Goberno co obxecto de tratar os  
 seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 08-03-2001 ).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, permisos.
- 4.- Proposta de nomeamento de Don José Antonio Fernández Romero como profesor emérito.
- 5.- Proposta de división de Departamentos.
- 6.- Aprobación, se procede, do Master en Auditoría e Contabilidade, Curso de Experto en Auditoría e Contabilidade e II Curso de Especialista en Debuxo.
- 7.- Adscripción das materias Electrónica Analóxica e Electrónica Dixital da Titulación de Física.
- 8.- Regulamento para a elección de membros das Xuntas de Centro.
- 9.- Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Biblioteca.
- 10.- Informe da Oficina de I+D.
- 11.- Apoio, se procede, á solicitude de transformación da Diplomatura de Maxisterio en Licenciatura.
- 12.- Autorización, se procede, dunha segunda reelección consecutiva a Director do Instituto de Electrónica Aplicada.
- 13.- Aprobación, se procede, do regulamento de

régime interno da Facultade de Ciencias da Educación ( Pontevedra).

14.- Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno do Departamento de Química Orgánica .

15.- Aprobación, se procede, dos convenios da Universidade de Vigo coa Universidade de Prince of Songkla University ( Tailandia) e coa Editorial Aranzadi.

16.- Elección para cubrir unha vacante no Consello Social ( sector PDI ).

17.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno:

- Comisión de Docencia ( 1 vacante PDI ) - Comisión de Ordenación Académica e Validacións ( 1 vacante PAS ) - Comisión de Extensión Universitaria ( 1 vacante PDI ) - Comisión de Estudiantes ( 2 vacantes estudantes,1 vacante PAS ).

18.- Elección para cubrir unha vacante na Comisión de Reclamacións ( sector PDI)

19.- Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Acta da sesión anterior ( 08-03-2001 ).

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do Rector.

O Rector informa sobre:

- os acordos da Mesa do Claustro: celebración dun Claustro extraordinario o día 14 de maio ( solicitado por sinaturas de membros dese órgano colexiado ) e dun Claustro ordinario a mediados de xuño; neste último se presentará o informe anual do rector e se someterán a aprobación a programación plurianual e as liñas xerais do orzamento do ano 2002.

- das titulacións recentemente avaliadas na Universidade ( facendo constar o agradecemento ós equipos directivos dos Centros pola súa colaboración) e da creación do Consorcio " Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego ".

- da data da investidura de Don Carlos Fuentes como Doutor Honoris Causa ( 29 de maio )

- do recurso de reposición presentado pola Universidade na Consellería de Educación pola cantidade recibida por subvención incondicionada.

- do estado das obras da Cidade Universitaria e da adxudicación de locais comerciais polo Consello de Administración.

- da sesión do Consejo de Universidades que terá lugar o día 19 de maio, onde se espera que a Ministra de Educación informe sobre os aspectos esenciais da nova Lei de Universidades.

**Punto 3.** Asuntos de profesorado.

- prazas BOE

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C12	765	TIT-UN	VIGO	Yagamare Fall Diop
C12	765	TIT-UN	VIGO	Beatriz Iglesias Antelo
T10	595	TIT-UN	VIGO	Iván Carlos Área Carracedo
T10	595	TIT-UN	VIGO	Natividad Calvo Ruibal
T12	560	TIT-UN	VIGO	Jorge García Duque
T12	800	CAT-UN	VIGO	---
X03	140	TIT-EU	OURENSE	---
X03	175	TIT-UN	OURENSE	Inés Iglesias Canle
X06	225	TIT-UN	VIGO	Jaime Alonso Carrera
X06	225	TIT-UN	VIGO	Xulia González Cerdeira

Neste punto o profesor Fernández Bernárdez, Director do Departamento de Tecnoloxías das Comunicacions, informa ( e pide que conste en acta) de que o profesor dese Departamento, D. Enrique Sánchez, presentou no Consello de Departamento un voto particular en contra da saída a BOE da praza de Catedrático de Universidade na área 800 ( Teoría do sinal e Comunicacions)

- transformacións

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C07	640	Monserrat Míguez Bernárdez	de PP1 a PP2
C11	755	J. Carlos Pérez Moure	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
H04	345	Mª Esperanza Rama Martínez	de ASO T2-TC a PP2
H04	345	Mª Araceli González Crespán	de PP1 a PP2
T02	535	Bernardino Novo Ramos	de PP1 a TIT-UN interino
T08	405	Mª Teresa de Castro Rodríguez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T12	800	Ignacio Alonso Alonso	de PP1 a TIT-UN interino
X03	150	Mª del Carmen Ruíz Hidalgo	de PP2 a TIT-UN interino
X06	225	Josefina Lucy Amigo Dobaño	de PP1 a PP2
X06	225	Olga Cantó Sánchez	de PP2 a TIT-UN interino

- permisos

Apróbanse por asentimento os seguintes:

Ricardo Beiras García-Sabell	de 01-09-2001 a 01-12-2001
Mª José Pérez Álvarez	de 01-07-2001 a 01-10-2001
Manuel Martínez Piñeiro	de 01-09-2001 a 30-11-2001
Mª Teresa de Castro Rodríguez	de 01-07-2001 a 30-09-2001

**Punto 4.** Proposta de nomeamento de Don José Antonio Fernández Romero como profesor

emérito.

A Secretaria Xeral informa da tramitación desta proposta do Departamento de Filoloxía Española.

A profesora Carmen Cabeza quere que conste en acta o recoñecemento dos méritos do profesor Fernández Romero, Premio Nacional de Traducción e escandinavista de recoñecido prestixio.

Apróbase a proposta por asentimento para a súa remisión ó Consejo de Universidades.

**Punto 5.** Proposta de división de Departamentos.

A Secretaria Xeral informa das propostas de creación de novos Departamentos chegadas ó Vicerrectorado de Organización Académica para ser informadas pola Comisión de Organización Académica e Validacións. Esta Comisión, en liñas xerais, informou favorablemente sobre estas solicitudes e propón que sexan incluídas dentro da Programación Plurianual que recollerá a vindeira estrutura departamental da Univesidade.

As propostas citadas son as seguintes:

- Creación dun novo Departamento ( escindido do actual Departamento de Dereito Público) que agrupe ás áreas de Dereito Penal, Dereito Financeiro e Tributario e Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

- Creación do Departamento de Lingua Española ( monoárea ).

- Creación do Departamento de Literatura Española e Teoría da Literatura.

- Creación dun novo Departamento que agruparía as áreas de Traducción e Lingüística.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, do Master en Auditoría e Contabilidade, Curso de Especialista en Auditoría e Contabilidade e II Curso de Especialista en Debuxo.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle no anexo I.

Sométense a votación:

a) Master en Auditoría e Contabilidade:

A favor	20 votos
En contra	4 votos
Abstencións	8

Apróbase

b) Curso de Especialista en Auditoría e Contabilidade

A favor	19 votos
En contra	4 votos

Abstencións 9

Apróbase

c) II Curso de Especialista en Debuxo:

A favor	19 votos
En contra	4 votos
Abstencións	9

Apróbase.

**Punto 7.** Adscripción das materias Electrónica Analóxica e Electrónica Dixital da Titulación de Física.

O Rector le a acta da Xunta de Facultade no que se aprobou a adscripción desas materias á área de Física da Materia Condensada.

A Decana da Facultade de Ciencias de Ourense, explica os argumentos utilizados nesa Xunta de Facultade onde se estimou que esa adscripción é a máis axeitada.

Apoian esa proposta os profesores Gómez Gesteira ( da Facultade de Ciencias de Ourense), Araujo e Legido

O profesor Martínez Peñalver considera que non hai razóns que xustifiquen o cambio de adscripción e que esas materias deben permanecer en Tecnoloxía Electrónica.

O profesor Durany opina que debe respectarse a opinión da Xunta de Centro.

Despois de dar a coñecer a tódolos membros de Xunta de Goberno a acta e anexo da Xunta de Centro ( anexo II ), ten lugar a votación:

A favor de manter a adscripción á área de Tecnoloxía Electrónica	6 votos
A favor da proposta de Xunta de Centro ( cambio de adscripción)	14 votos
Abstencións	15

Apróbase a adscripción das materias Electrónica Analóxica e Electrónica Dixital á área de Física da Materia Condensada.

**Punto 8.** Regulamento para a elección de membros das Xuntas de Centro

A Secretaria Xeral explica que esta proposta de normativa ( aprobada pola Comisión Electoral o día 26 de marzo de 2000) substitúe á do ano 1990. Adáptase ós Estatutos e precisa, entre outros, aspectos relativos á adscripción ás Xuntas de Centro do persoal de administración e servizos, o procedemento de presentación de candidaturas e a identificación dos electores.

A continuación interveñen varios membros da Xunta de Goberno.

A Sra. Estévez pregunta se o horario de votacións é ininterrompido ( respóndeselle que si )

O profesor Sánchez Bello solicita aclaracións sobre a vinculación ós Centros do persoal de bibliotecas.

A profesora Roca solicita aclaracións sobre o artigo 2 ( cómputo por horas do PDI ), o 9.3 ( presentación de candidaturas) e considera conveniente que no artigo 16.2 ( identificación dos votantes) se suprima a frase " ou calquera outro documento que a xuízo da mesa acredite a súa identidade". Acéptase.

A Sra. Bermúdez opina que na convocatoria debe figurar ( ademais da data) o horario de votación. Acéptase.

O profesor Legido considera que a redacción do artigo 6.d) debería ser mais precisa, co fin de evitar os problemas que están a ocorrer en tódalas eleccións dos censos de terceiro ciclo.

O Rector di que considera adecuada a redacción tal como está e encarga á Secretaría Xeral que, en coordinación con Centros e Departamentos, estudie o mellor procedemento para resolver ese tipo de problemas.

O Sr. Garrido, no artigo 3.4, propón que cando dúas persoas acaden o mesmo número de votos, sexa proclamado representante o que compute mais tempo como representante nese órgano colexiado. Se persiste o empate, quedaría proclamado o de mais antigüidade na Universidade e de haber de novo coincidencia, sería representante o de mais idade.

O Sr. Cebreal prefere a redacción actual ( na que non interven o tempo computado como representante).

Vótase a proposta do Sr. Garrido:

A favor da proposta	9 votos
A favor do texto	5 votos
Abstencións	14

Apróbase o cambio de redacción no artigo 3.4.

Por último vótase o documento no seu conxunto( cos cambios nos artigos 3.4, 5 e 16.2):

A favor	30 votos
En contra	0 votos
Abstencións	2

Apróbase ( anexo III )

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Biblioteca.

O Vicerrector de Investigación explica que é necesario ampliar o número de membros da Comisión de Biblioteca para adecuala ó novo regulamento ( artigo 14.2). Fai a seguinte proposta:

sector PDI:

manter ós 5 que xa son membros:

M<sup>a</sup> José Roca Fernández ( xurídico-social) - campus Ourense.

Manuel GutiérrEz Nieto (CC. da Saúde)- campus Pontevedra

Pedro Pablo Gallego Veigas ( ciencias) - campus Vigo

Manuel Fernández Iglesias( tecnolóxico)-campus Vigo

Helena Cortés Gabaudán ( humanidades)- campus Vigo

Propoñer como novos membros:

Juan Surís Regueiro ( xurídico-xocial) -campus Vigo

José Manuel Cid Fernández (humanidades)- campus Ourense

Ramón Novoa Rodríguez ( tecnolóxico)- campus Vigo

Adolfo Cordero Rivera ( ciencias)- campus Pontevedra

sector PAS:

Propoñer como novos membros:

Ana Quiroga Fraga- campus Ourense

Laura González Novoa-campus Pontevedra

Alicia Costa González - campus Vigo

sector alumnos:

serán elixidos polos representantes deste sector na vindeira Xunta de Goberno

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 10.** Informe da Oficina de I+D.

O Vicerrector de Desenvolvemento, Don Pedro Merino, presenta este informe ( anexo IV), resumindo os aspectos mais salientables sobre patentes, proxectos xestionados pola Oficina de I+D, programa PETRI, actividades contratadas con empresas etc.

A profesora Cabeza reflexiona sobre a escasa participación no ámbito de Humanidades e pide que se inicie unha vía de diálogo entre a oficina de I+D e as áreas dese ámbito.

O profesor Membiela súmase á intervención anterior no que atinxe ó ámbito educativo.

**Punto 11.** Apoio, se procede, á solicitude de transformación da Diplomatura de Maxisterio en Licenciatura.

O Rector presenta esta proposta recibida das titulacións de EXB de Ourense e de Pontevedra ( anexo V)

A profesora Alonso Escontrela defende esta proposta.

Os profesores M. Peñalver e Corbacho manifestan as súas reservas.

O Rector di que se trata de dar un apoio moral tendente a mellorar a cualificación e formación dos mestres. Se suman forzas e se incrementa a presión cara á reforma global da educación superior no marco da declaración de Bolonia.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Autorización, se procede, dunha segunda reelección consecutiva a Director do Instituto de Electrónica Aplicada.

Unha vez transcorridos dous mandatos consecutivos nos que o profesor D. Enrique Mandado Pérez desempeñou o cargo de Director do Instituto de Electrónica Aplicada e ante a non presentación de candidatos, o Consello do Instituto acordou acollerse ó establecido no artigo 23.3 do regulamento de Institutos e solicita á Xunta de Goberno a autorización para proceder á unha segunda reelección consecutiva.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias da Educación ( Pontevedra).

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno do Departamento de Química Orgánica .

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Aprobación, se procede, dos convenios da Universidade de Vigo coa Universidade de PontoPrince of Songkla University ( Tailandia) e coa Editorial Aranzadi.

a) Convenio coa Prince of Songkla University ( Tailandia) . Apróbase por asentimento.

b) Convenio coa Editorial Aranzadi:

O Rector Indica que na Xunta de Goberno do día 26 de setembro de 2000 fora aprobado un Convenio con esta Editorial onde se recollía que a retribución do bolseiro que atendería á Aula Aranzadi correría a cargo da Editorial. Despois desa Xunta de Goberno, a Editorial modificou as condicións do convenio e na nova redacción é a Universidade a que corre con ese gasto. Por iso, foi necesario iniciar de novo a tramitación e se somete esta nova redacción á aprobación da Xunta de Goberno.



Tendo en conta que a Universidade xa apoia ás aulas informáticas con bolseiros, estes bolseiros ( que xa atendan a aula informática da Facultade de Dereito) serán os que presten servicios tamén na Aula Aranzadi. A sinatura deste convenio non vai xerar, por tanto, novos bolseiros.

O mesmo tratamento terá a aula informática que, no seu momento, se ubique no Edificio de Dereito Económico de Vigo.

Apróbase esta proposta por asentimento.

**Punto 16.** Elección para cubrir unha vacante no Consello Social ( sector PDI ).

A única candidatura presentada foi a do profesor Pedro Membiela Iglesia que pasa a formar parte do Consello Social.

**Punto 17.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno:- Comisión de Docencia ( 1 vacante PDI ) - Comisión de Ordenación Académica e Validacións ( 1 vacante PAS ) - Comisión de Extensión Universitaria ( 1 vacante PDI ) - Comisión de Estudiantes ( 2 vacantes estudantes,1 vacante PAS ).

Non houbo eleccións por haber menos candidatos que postos a cubrir. Cúbreanse as vacantes como segue:

- Comisión de Docencia ( sector PDI ): Alberto Pena Rodríguez
- Comisión de Organización Académica e Validacións ( sector PAS ): Mercedes Cendón Falque
- Comisión de Extensión Universitaria ( sector PDI ) : M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro
- Comisión de Estudiantes ( sector PAS ) Mercedes Cendón Falque

**Punto 18.** Elección para cubrir unha vacante na Comisión de Reclamacións ( sector PDI).

Non houbo candidaturas.

**Punto 19.** Rogos e preguntas.

O profesor Santamaría fai os rogos e preguntas que se recollen no anexo I.

A Sra. Bermúdez roga que se faga efectivo o regulamento de estudantes aprobado no Claustro e que se inste ós Centros a que ó comezo do curso se difundan os programas das materias.

Non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:30 horas do día 18 de abril de 2001 do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo